

# MONUMENTO AO PAN

ACISCLO MANZANO



Carballo, 26 de agosto de 2020

**"En Carballo todos son labradores que labran  
pan e por el dicho oficio se sustentan"  
(século XVI)**

## ESCULTURA DO PAN LIBRO

**Acisclo Rogelio Manzano Freire** (Ourense, 1940) excelente escultor que está con luz propia no Olimpo dos "artistiñas", como Vicente Risco denominou a aqueles que se xuntaban no "Volter", como Xaime Quessada, Xosé Luís de Dios, Manuel Buciños, Arturo Baltar, Virxilio Fernández e Xavier Pousa. O "Volter", homenaxe ao dadaísta Voltaire de Zurich, estaba situado na ourensá praza Eirociño dos Cabaleiros, sendo rexentado por Vicente Fontenla, O Tucho, o máis vangardista naquel 1963 de tantos soños.

Carballo non se entende sen os ourensáns. Diversas vagas aterraron na capital de Bergantiños. O seu compañeiro ourensán e tamén "artistiña" Manuel Buciños regalounos o extraordinario cruceiro da praza de Galicia, no seu día da Liberdade, como homenaxe a Alfredo Brañas.

Dende hoxe incorpórase un máis. Acisclo Manzano déixanos para desfrutar e saborear este precioso **Monumento ao pan**. Acisclo pasou, e non o deixou de todo, polo expresionismo e tamén polo clasicismo. Ese mundo clásico moi ben representado polo Partenón que el tanto frecuentou e no que se inspirou nun Fidias que todos amamos.

Iso vese aquí nesta escultura libro. As súas follas de carballo lense polo envés, que non o revés, e pola face que non o dereito. É un todo. Iso quere dicir pan. **Nós somos pancarballese**s. Non somos mellor que ninguén. O noso pan ten auga do Anllóns, a onde tributa este río, Pequeno, da Pedra ou Balón, que sinuosamente pasa a carón deste monumento ao pan de Carballo. Quizais dicir monumento, pan, Carballo, sexa un pleonasma. O pan é o noso amigo, pois compañeiro vén do latín: compartir con pan.

Ceres ou Demeter, na terra de San Luís Romero, teñen culto moi abondoso. Aquí, nesta Braña, estamos na Bértoa da Lagoa, irmandada coa Bértoa pondaliana dos trigos. Neste magnífico monumento, o pan semella caer do ceo. Fertilidade extrema. A muller símbolo da terra nai. O pan hai que gañalo coa suor da fronte. Quen vén a este mundo cun pan debaixo do brazo?

Ceres represéntase cunha coroa de espigas de trigo. Mais tamén as leva na man dereita e na esquerda un facho, unha lumieira acendida para iluminar as almas. E non lle falta a cor amarela que representa o trigo maduro. O autóctono carballés. Calobre ou caaveiro. Compartimos con todos este pan que é un libro escultórico.

**XAN FRAGA RODRÍGUEZ**  
PROFESOR E HISTORIADOR